

REGRAS DE SEGURIDADE CONTRA RISCOS ELÉCTRICOS

Estas regras de Seguridade están dirixidas ao operario que non sendo electricista ten sen embargo que realizar, en ocasións, traballos de calquera natureza nas proximidades de liñas e instalacións eléctricas, centros de transformación, caixas ou armarios de distribución e manobra, etc.

...ou ao operario de calquera especialidade que por razón do seu traballo debe utilizar máquinas ou ferramentas de accionamento eléctrico.

AS 5 REGRAS BÁSICAS CONTRA RISCOS ELÉCTRICOS

1.-ANTES DE UTILIZAR UN APARELLO OU INSTALACIÓN ELÉCTRICA, ASEGURESE DO SEU PERFECTO ESTADO.

- ♦ Non empregue cables danados, caravillas de enchufe quebradas, nin aparellos nos que a carcasa presente desperfectos.
- ♦ Cando empregue cables alargados, asegúrese de que os seus enchufes teñan o mesmo número de patillas que o aparello eléctrico que vai conectar.
- ♦ Evite que se danen os condutores eléctricos, protexéndoos especialmente contra:
- ♦ As queimaduras, os contactos con produtos corrosivos, os cortes producidos por útiles afiados, máquinas en funcionamento, ángulos vivos, etc.

2.-PARA UTILIZAR UN APARELLO OU UNHA INSTALACIÓN ELÉCTRICA, MANOBRE UNICAMENTE OS ÓRGANOS DE MAN PREVISTOS PARA ESTE FIN POLO CONSTRUTOR OU O INSTALADOR.

- ♦ Non altere nin modifique os dispositivos de seguridade.
- ♦ Non modifique a regulación dos órganos de mando nin os bloquee.
- ♦ Para desconectar unha caravilla de enchufe, tire sempre dela, nunca do cable de alimentación.
- ♦ Despois de rematar o traballo, desconecte os cables de alimentación e os prolongadores.

3.-NON UTILICE APARELLOS ELÉCTRICOS, NIN MANIPULE SOBRE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS, CANDO ACCIDENTALMENTE SE ATOPEN MOLLADAS, OU SE É VDE. QUEN TEN AS MANS OU OS PÉS MOLLADOS.

- ♦ En ambientes húmidos, como lavadoiros, etc., asegúrese xunto co especialista eléctrico, de que as máquinas eléctricas e todos os elementos da instalación responden ás condicións de utilización prescritas para estes casos.
- ♦ Evite empregar aparellos ou equipos eléctricos
- ♦ En caso de choiva ou presenza de humidade.

- ◆ Cando os cables ou calquera outro material eléctrico atravesen pozas, etc. (tal como ocorre nalgunhas obras).
- ◆ Cando os seus pés pisen auga ou cando algunha parte do seu corpo estea mollada (os pés ou as mans, por exemplo.)

4.-EN CASO DE AVARÍA OU INCIDENTE, CORTE A CORRENTE, COMO PRIMEIRA MEDIDA, DESPOIS LIMITE AS SÚAS INTERVENCIÓNS A OPERACIÓNS ELEMENTAIS, COMO CAMBIO DUNHA LÁMPADA OU UN FUSIBLE.

■ Para cambiar unha lámpada:

- ◆ Corte a corrente mediante o interruptor ou mellor mediante o disxuntor.
- ◆ Cando a lámpada está alimentada a través dunha toma de corrente, retire por completo a caravilla de enchufe desta toma.

■ Para substituír un fusible:

- ◆ Corte a corrente mediante o interruptor ou mediante o disxuntor máis próximo.
- ◆ Coloque no interruptor desconectado, un cartel avisador que poña por exemplo: “Prohibido Conectar. Perigo!”
- ◆ Para substituír os fusibles utilice sempre outros do mesmo tipo e intensidade nominal.
- ◆ Antes de volver a poñer en servizo a instalación, coloque a tapa de protección.
- ◆ Se o fusible substituído se funde de novo ou o cortocircuíto automático rearmado se disparase de novo, non cambie outra vez os fusibles, e moito menos poña outros máis grosos. Tampouco debe rearmar o cortocircuíto automático. Chame inmediatamente a un electricista.

■ Para socorrer (desenganchar) a unha persoa electrizada por unha corrente

- ◆ Non a debe tocar, senón cortar inmediatamente a corrente.
- ◆ Non esqueza que unha persoa electrizada que se atope nun lugar elevado, corre o risco de caer no momento que se corte a corrente.
- ◆ Se se tarda moito, ou resulta imposible cortar a corrente, trate de desenganchar á persoa electrizada por medio dun elemento illante (táboa, listón, cadeira de madeira).
- ◆ En presenza dunha persoa electrizada por unha corrente de alta tensión non se achegue a ela, chame inmediatamente a un especialista eléctrico.
- ◆ En todos os casos chame inmediatamente a un médico, ou se non, a un socorrista cualificado.

5.-EN CASO DE AVARÍA, APAGÓN OU CALQURA OUTRA ANOMALÍA QUE EXCEDA DA SÚA COMPETENCIA, CHAME A UN ELECTRICISTA. NON EMPREGUE E IMPIDA QUE OUTROS O FAGAN, O APARELLO AVARIADO, ATA DESPOIS DA SÚA REPARACIÓN.

- ♦ Esta regra aplícase nas seguintes situacións:
- ♦ Típica sensación de formigo, como resultado dunha electrocución, ao tocar un aparello eléctrico.
- ♦ Aparición de chispas ou fume procedentes dun aparello ou dos cables de conexión.
- ♦ Quecemento anormal do motor, dun fio, dun cable, dun cofre, ou cando unha liña aérea caeu á terra, por exemplo nas proximidades dun poste. Neste último caso, non se achegue ás proximidades da liña derrubada.

AS 5 REGLAS COMPLEMENTARIAS CONTRA RISCOS ELÉCTRICOS

6.-NON FAGA COUSAS CON EQUIPOS ELÉCTRICOS. NON DEBE FACER NIN SEQUERA AS OPERACIÓNS MÁIS SIMPLES ATA TER SUFICIENTES COÑECEMENTOS PARA CALIBRAR OS RISCOS ELÉCTRICOS.

- ♦ Corte sempre a corrente antes de calquera intervención, aínda que só se trate do cambio dunha lámpada.
- ♦ Só un electricista cualificado está facultado para efectuar novas instalacións, así como transformación e reparacións de aparellos ou instalacións eléctricas.
- ♦ Evite toda reparación provisional, que á fin sempre resultan definitivas. Evite a ser posible a reparación provisional de cables estragados, mediante cinta illante ou cousa similar. É moito mellor substituílos por un cable novo.

7.-ANTES DE UTILIZAR APARELLOS OU MÁQUINAS ELÉCTRICAS, INFÓRMESE SOBRE AS PRECAUCIÓNES QUE HAI QUE ADOPTAR PARA O SEU EMPREGO E RESPÉTEAS ESCRUPULOSAMENTE.

- ♦ Esta norma é especialmente útil cando se teñen que utilizar aparellos ou máquinas eléctricas en condicións especiais de medio ambiente (calor extremo, frío, humidade, presenza de compostos químicos e de substancias inflamables ou explosivos, etc.)
- ♦ Non empregue prolongadores de tipo normal, en sitios onde existe atmósfera inflamable ou explosiva, nin en zonas húmidas ou con infiltracións de auga.
- ♦ Cando se traballa sobre unha zona condutora (cubas, cisternas, depósitos, canalizacións, etc) no se deben de utilizar lámpadas nin instrumentos eléctricos portátiles máis que despois de tomar as precaucións especiais para evitar contactos indirectos. Consulte ao electricista para que lle amose cómo e en qué condicións se deben aplicar medidas de protección.

- ♦ Se un aparello ou máquina eléctrica sufriu un golpe, caída, ou se veu afectada pola humidade ou produtos químicos, non o empregue, e faga que o revise un especialista.

8.-NON ABRA NUNCA AS PROTECCIÓNS DOS APARELLOS ELÉCTRICOS E RESPETE TODO SINAL OU PROTECCIÓN DESTINADAS A EVITAR O CONTACTO DO CORPO CUN FÍO OU PEZA BAIXO TENSIÓN ELÉCTRICA

- ♦ Non abra os armarios eléctricos, cofres, nin as caixas de distribución ou de bornas.
- ♦ Non abra as portas dos recintos destinados a instalacións eléctricas, como centros de transformación, plataformas ou áreas de ensaio, etc.
- ♦ Respete os sinais de advertencia e as proteccións, nas que a misión é evitar o contacto do corpo con pezas baixo tensión.
- ♦ Non debe Vde. suprimir, desprazar nin rebasar:
- ♦ As balizas ou dispositivos de advertencia, destinados a delimitar unha zona con risco eléctrico.
- ♦ As pantallas destinadas a manter fóra de alcance os condutores baixo tensión.
- ♦ As fundas ou revestimentos illantes de protección, instalados sobre condutores limpos baixo tensión ou sobre barras colectoras.

9.-PARA REALIZAR TRABALLOS DE CALQUERA CLASE, SOBRE OU NAS PROXIMIDADES DUNHA INSTALACIÓN ELÉCTRICA, DEBE RECIBIR IMPRESCINDIBLEMENTE INSTRUCCIÓN DUN ESPECIALISTA ELÉCTRICO ENCARGADO DA SÚA PROTECCIÓN.

- ♦ Esta norma é especialmente útil se é Vde...
- ♦ Embaldosador e ten que reparar o chan dun centro de transformación.
- ♦ Pintor e ten que pintar un muro ou parada que sostén unha canalización eléctrica.
- ♦ En caso de lume nunha instalación eléctrica, non interveña máis que seguindo as instrucións dos especialistas na elección dos medios de extinción e a forma de utilizalos.

10.-PARA REALIZAR TRABALLOS DE CALQUERA NATUREZA NAS PROXIMIDADES DE LIÑAS ELÉCTRICAS DE DISTRIBUCIÓN, AÉREAS OU SUBTERRÁNEAS, DEBE ADOPTAR TODAS AS PRECAUCIÓNES NECESARIAS PARA EVITAR CALQUERA CONTACTO COS CABLES.

- ♦ Infórmese sobre as medidas de precaución regulamentadas, que o empresario responsable das obras debe coñecer, antes de empezar os traballos, e axústese a tales instrucións.